



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 10 DE XULLO DE 2015.

Concelleiros asistentes:

D^a. Belén Chao Ramil
D. Carlos Carballés Penabad.
D. Mario Rouco Rey
D. José Danilo Requeijo Castro
D^a. Rosario Celia Rey López
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as vinte horas do día dez de xullo de dous mil quince, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación D. Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión extra-ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. Dáse conta da acta da sesión anterior realizada o día 13 de xuño de 2015, da cal entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha alegación, e despois de comprobar que se había corrixido o erro no nome do concello, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-la referida acta.

2.- RÉXIME DE SESIÓN ORDINARIAS DO PLENO. Vista a proposta da Alcaldía na que sinala: "Segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, en relación co 210.1 da Lei 5/1987, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, son sesións ordinarias aquelas que teñen unha periodicidade preestablecida. Dita periodicidade será fixada por acordo do Pleno da Corporación, adoptado en sesión extraordinaria que convocará o Alcalde dentro dos trinta días seguintes ó da sesión de constitución da Corporación.

De acordo co disposto no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, o Pleno nos concellos de menos de 5.000 habitantes realizará sesión ordinaria como mínimo cada tres meses; por outra banda o artigo 210.2.a) da Lei de Administración Local de Galicia, fixa con carácter xeral este período en dous meses.

Tendo en conta as necesidades de realizar sesións en lexislaturas anteriores e os asuntos a tratar, así como, a posibilidade de convocar sesións extraordinarias que se consideren necesarias, esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

O pleno da Corporación do Concello de MURAS realizará sesión ordinaria o último xoves dos meses pares ás 19 horas. No caso de cadrar en día non laborable, a sesión realizarase o día hábil anterior a mesma hora",

Debatido o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aprobar dita proposta da Alcaldía.

3.- EXISTENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. A seguir dáse conta da proposta da Alcaldía: "O artigo 20.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, en concordancia co artigo 59.2.b) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, establecen que a Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando o dispoña o seu regulamento orgánico ou o acorde o Pleno do Concello.

Tendo en conta que a existencia de este órgano resulta de utilidade para os intereses municipais, esta Alcaldía propón ó pleno a adopción do seguinte acordo:



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

A existencia da Xunta de Goberno Local como órgano da organización municipal durante a presente lexislatura, coas funcións e competencias establecidas no artigo 23.2 da Lei 7/1985 en relación co artigo 65 da Lei 5/1997, a cal estará integrada polo Sr. Alcalde e un número de concelleiros non superior a terceira parte do número legal deles, nomeados e separados libremente polo Alcalde, dando conta ao Pleno.

Periodicidade das sesións: As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán periodicidade quincenal, celebrándose os xoves da primeira e última semana do mes ás dez horas”.

Despois de visto o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aprobar dita proposta da Alcaldía.

4.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS. A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía que di: “O artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, en relación co artigo 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigos 123 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establecen a posibilidade de comisións de estudo, informe ou consulta de asuntos que han de ser sometidos a decisión do Pleno, así como, o seguimento de xestión dos órganos de goberno.

As comisións informativas poden ser permanentes ou especiais. As primeiras constitúense con carácter xeral e o seu número e denominación así como calquera modificación, decidírase por acordo do Pleno. As comisións informativas especiais son as que acorde constituí-lo Pleno para un asunto concreto considerando as súas características especiais.

A comisión especial de contas existirá en tódolos concellos, segundo establecen os artigos 20.1.c) da Lei 7/1985, artigo 59.2.c) da Lei de Administración Local de Galicia e artigo 127 do referido Regulamento.

A creación de órganos complementarios terá en conta as regras establecidas no artigo 59.3 da mencionada Lei 5/1997 e artigo 125 do ROF. A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político, realizarase polo seu portavoz en escrito dirixido á Alcaldía.

Tendo en conta todo elo, esta Alcaldía propón ó Pleno adopte o seguinte acordo:

1º. Crea-los seguintes órganos complementarios da organización municipal:

a) Xunta de voceiros, que estará integrada polos voceiros dos grupos políticos municipais e presidida polo Alcalde, reunírase cando sexa convocada pola Alcaldía.

b) Xunta de delegados, que estará integrada polos concelleiros que ostenten delegacións da Alcaldía, reunírase coa periodicidade e hora que estableza a Alcaldía.

c) Comisión de Facenda, para estudo, informe ou consulta de asuntos relativos á bens e facenda local. Esta comisión actuará tamén como comisión especial de Contas que tratará os asuntos referentes as contas municipais segundo o establecido no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, Lei 7/1985 e Lei de Administración Local de Galicia.

Composición: Esta Comisión estará constituída por 5 membros: 1 membro do BNG, 2 membros do grupo Popular e 1 membro do grupo mixto, e o Sr. Alcalde ou concelleiro que legalmente o substitúa que a presidirá.

Periodicidade das sesións: A convocatoria das sesións será acordada no día e hora que estableza o Alcalde-Presidente da Corporación”.

d) Comisión informativa de Control e Asuntos Xerais, para o estudo, informe ou consulta de asuntos que requira o Alcalde-Presidente ou que precisen aprobación plenaria.

Composición: Esta Comisión estará constituída por 5 membros: 1 membro do BNG, 2 membros do grupo Popular e 1 membro do grupo mixto, e o Sr. Alcalde ou concelleiro que legalmente o substitúa que a presidirá.

Periodicidade das sesións: A convocatoria das sesións será acordada no día e hora que estableza o Alcalde-Presidente da Corporación, e no caso de asuntos que requiran ditame previo á aprobación do pleno da Corporación municipal, con anterioridade á súa celebración”.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

e) Comisión de Participación Cidadá, para permitir a participación da poboación censada no municipio na consulta e se é preceptivo a decisión sobre asuntos que lles afectan.

Nesta Comisión terá representación a Corporación con 1 membro do BNG, 2 membros do grupo Popular e 1 membro do grupo mixto, e o Sr. Alcalde ou concelleiro que legalmente o substitúa que a presidirá. Esta Comisión rexerá por un Regulamento de participación cidadá pendente de aprobación polo Pleno da Corporación.

Periodicidade das sesións: A convocatoria das sesións será acordada no día e hora que estableza o Alcalde-Presidente da Corporación ou estableza o Regulamento de participación cidadá aprobado polo Pleno da Corporación municipal".

Despois de debatido o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aprobar dita proposta da Alcaldía.

5.- RETRIBUCIÓNS, ASISTENCIAS, E INDEMNIZACIÓNS MEMBROS CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS. A continuación trátanse as propostas da Alcaldía referentes a retribucións, asistencias e indemnizacións de membros da corporación e grupos políticos, as cales se da lectura.

A) RETRIBUCIÓNS MEMBROS CORPORACIÓN.

"No artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a elas, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación as cotas empresarias que correspondan.

A percepción de tales retribucións estará suxeita ó réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Os orzamentos xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias.

A disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, establece o límite máximo total que poden percibir como retribución os membros das corporacións locais, en función da poboación de cada municipio. Nos concellos de menos de 1.000 habitantes ningún membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.

Tendo en conta que os cargos de Alcalde, 1ª Tenente de Alcalde e 2º Tenente de Alcalde, deste Concello requiren unha dedicación parcial para atender as súas funcións de dirección, organización interna e xestión dos correspondentes servizos, coa exclusión da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiro no caso dos tenentes de Alcalde.

Esta Alcaldía propón ó pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

1º.-A partir desta data e ata o final do mandato e constitución da nova Corporación, os cargos de Alcalde, 1ª Tenente de Alcaldía e 2º Tenente de Alcaldía desempeñaranse en réxime de dedicación parcial para conseguir unha xestión eficaz e eficiente nos obxectivos prioritarios deste goberno, que non son outros que acadar o benestar da nosa poboación poñendo en marcha todos aqueles servizos e axudas que poidan prestar as administracións públicas e promover, axudar e desenvolver a economía local, facendo fincapé no sector agrogandeiro, ca finalidade de asentar e aumentar a poboación do noso concello e evitar o éxodo ás cidades, en definitiva, traballar para que teñamos un futuro digno como concello do rural.

2º. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, con dereito a un mes de vacacións anuais e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

— O cargo de Alcalde, funcións de presidencia e desenvolvemento de responsabilidades que así o requiran e outras propias do cargo, cunha dedicación de 75 % de xornada (30 horas semanais), percibirá unha retribución anual bruta de 30.000 €.

— O cargo de Primeira tenente de Alcalde (funcións de vicepresidencia, delegacións, desenvolvemento de responsabilidades que así o requiran e outras propias do cargo) cunha dedicación de 50 % de xornada (20 horas semanais), percibirá unha retribución anual bruta de 18.000 €.

— O cargo de Segundo Tenente de Alcalde (funcións de vicepresidencia, delegacións, desenvolvemento de responsabilidades que así o requiran e outras propias do cargo) cunha dedicación de 50 % de xornada (20 horas semanais), percibirá unha retribución anual bruta de 18.000€.

Todo elo sen prexuízo das modificacións que poidan acordarse polo Pleno da Corporación no devandito período.

2º.- A base 13ª do orzamento municipal para 2015 queda modificada nos termos dos apartados anteriores"

Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Popular: o portavoz D. J. Danilo Requeijo Castro manifesta non estar de acordo co importe da asignación que considera elevado, facendo referencia a retribución de traballadora social e obreiros do Concello.

Polo grupo Mixto: o portavoz do PSdG-PSOE D. Mario Rouco Rey está de acordo coa proposta da Alcaldía.

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde como portavoz considera que os cargos de responsabilidade teñen que estar remunerados, necesitan dedicación, planificación e traballo, os servizos sociais son fundamentais neste Concello e se a traballadora social está nesa situación é porque o anterior Alcalde a tiña así, é esperpéntico o que estaba dedicado a servizos sociais, en canto a traballadores con contrato de xornada completa estaban facendo media xornada e cobrando máis de mil euros, por outra banda o importe das retribucións propostas van ser moi inferiores as da anterior lexislatura que pasaban de cen mil euros.

O Sr. Requeijo Castro considera que o de antes borrón e conta nova.

O Sr. Alcalde insiste na situación e na necesidade de planificar de dedicarlle tempo o concello para xestionar preto de tres millóns de euros e vinte e oito traballadores.

O Sr. Rouco Rey comparte o dito polo Sr. Alcalde, engadindo que este concello foi xestionado de forma irregular, que baixa considerablemente o importe das retribucións, e hai que dar rendemento, os servizos sociais van a cambiar porque non se pode estar nesta situación.

Debatido o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, con catro votos a favor dos membros do grupo BNG e o concelleiro do PSdG-PSOE do grupo Mixto, e tres abstencións dos membros do grupo Popular, acorda aprobar dita proposta da Alcaldía.

B) ASISTENCIAS.

"O artigo 75.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que solo os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva as sesións de órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

Tendo en conta a necesidade de actualizar estas asistencias e a situación da organización municipal, esta Alcaldía propón ó pleno adopte o seguinte acordo:

1º. A partir desta data a contía a percibir polos membros da Corporación que teñan dereito a elas, por asistencia a órganos colexiados dos que formen parte serán as seguintes:

a) Asistencia a sesións de pleno, xunta de voceiros, mesas de contratación, e outros órganos colexiados dos que formen parte 50 euros por reunión.

b) Asistencia sesións da Xunta de Goberno Local e Xunta de delegados, 200 euros por reunión.

c) Asistencia a sesións de comisións informativas de Asuntos xerais e de facenda 25 euros por reunión.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

Estas asistencias recolleranse na base 12ª do orzamento municipal para 2015 quedando modificada nos termos anteriores.

Despois de estudado o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-la referida proposta da Alcaldía.

C) INDEMNIZACIÓNS.

"O artigo 75.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que os membros das Corporacións locais percibirán indemnización polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que no seu desenvolvemento aprobe o pleno da Corporación.

Tendo en conta que os gastos que se ocasionan con motivo de xestións municipais son variados e os valores reais que se poden producir, esta Alcaldía propón ó pleno da Corporación o seguinte acordo:

1º. A partir desta data a contía a percibir como axudas de custo polos membros da Corporación que teñan que desprazarse fora do Concello para xestións municipais, cursos ou xornadas, serán as seguintes:

Axuda de custo completa, (inclúe gastos de manutención e aloxamento por día) dentro da Comunidade Autónoma 100 euros, fora da Comunidade Autónoma 130 euros.

Axuda de custo manutención (inclúe gastos comida e cea por día) dentro da Comunidade Autónoma 50 euros, fora da Comunidade Autónoma 80 euros.

Axuda de custo reducida (inclúe gastos comida ou cea por día) dentro da Comunidade Autónoma 50 euros, fora da Comunidade Autónoma 80 euros.

2º. Os gastos de desprazamento aboaranse de acordo co disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio.

3º. A xustificación das axudas de custo e gastos de viaxe por uso de vehículo particular xustificaranse mediante declaración xurada na que se detalle o día, xornada, lugar e concepto do desprazamento, e no suposto de axuda de custo enteira achegarase factura acreditativa do aloxamento.

Estas indemnizacións modifican as recollidas na base 12ª do orzamento municipal para 2015 quedando establecidas nos termos anteriores.

Despois de estudado o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-la anterior proposta da Alcaldía.

D) ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS.

"O artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que o pleno da Corporación con cargo aos Orzamentos anuais poderá asignar ós grupos políticos municipais unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo idéntico para tódolos grupos e outro variable en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que se establezan na Lei de Orzamentos do Estado.

Constituídos os grupos municipais e visto o establecido no orzamento de 2011, esta Alcaldía propón ó pleno o seguinte acordo:

Establecer a partir da constitución desta Corporación como asignación para os grupos políticos a contía de 1.000 euros por grupo e 100 euros por cada concelleiro que forme parte do grupo.

O importe da asignación terá carácter anual. Esta axuda aos grupos municipais é finalista, polo que só se pode destinar a gastos propios do desempeño dos cargos de concelleiros (material de oficina, imprenta, comunicación., etc.. excluíndo gastos de persoal). Os grupos deberán gardar e xustificar o importe desta axuda ante a secretaría-intervención.

Despois de estudado o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-la mencionada proposta da Alcaldía.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

6.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

"O artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinala que entre os asuntos a tratar na sesión extraordinaria a convocar pola Alcaldía dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva, se resolva o nomeamento de representante da Corporación en órganos colexiados.

Por elo esta Alcaldía propón ó pleno adopte o seguinte acordo:

Nomear representantes da Corporación nos órganos colexiados que se indican ós seguintes concelleiros:

Consello escolar do CEIP de Muras á concelleira Belén Chao Ramil.

Nos demais casos a representación será ostentada pola Alcaldía"

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Popular: o portavoz D. J. Danilo Requeijo Castro gustaríalle que estivera un pai dos nenos e fala do mal estado do edificio, sen luces, as persianas non funcionan, etc, debe estar ó día e facer revisións periódicas.

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde sinala que a representación do concello no consello escolar do CEIP non estaba ocupada, alude ao mal estado dos xardíns, goteiras, e o mal estado en xeral, a primeira visita que fixeron desde a toma de posesión foi a este centro para ver a situación.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE comparte as opinións anteriores, hai que contactar cos pais e facer unha revisión das instalacións, fala do número de alumnos e da herdanza recibida,

Despois de debatido o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-la citada proposta da Alcaldía.

7.- COÑECEMENTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. A continuación dáse conta das seguintes resolución da Alcaldía:

A) Decreto do 6 de xullo de 2015 polo que se nomea Primeira tenente de Alcalde a D^a. Belén Chao Ramil e Segundo tenente de Alcalde a D. Mario Rouco Rey.

B) Decreto do 6 de xullo de 2015 polo que se outorgan as seguintes delegacións de atribucións da Alcaldía:

a) Delegar na primeira tenente de Alcalde D^a. Belén Chao Ramil as atribucións referentes a dirección interna, inspección e xestión de Turismo, Comercio, Servizos socio-sanitarios e Igualdade.

b) Delegar no segundo tenente de Alcalde D. Mario Rouco Rey as atribucións referentes a dirección interna e xestións de Medio Rural e Medio Ambiente.

c) Efectuar delegación especial no concelleiro D. Carlos Carballés Penabad das atribucións referentes a dirección interna e xestións de Patrimonio e Rehabilitación, Vivenda, Festas, Cultura e Promoción do Deporte.

As demais atribucións seguirán de competencia da Alcaldía, en especial o relativo a coordinación das diferentes áreas de goberno, e áreas de Desenvolvemento Local, Facenda, Persoal, Urbanismo e Obras, e Normalización lingüística.

C) Constitución grupos políticos.

Dáse conta ó Pleno da Corporación da constitución dos seguintes grupos políticos:

Grupo municipal do Partido Popula composto polos concelleiros D. José Danilo Requeijo Castro, D^a. Rosario Celia Rey López e D. José Pajón Penabad designando como portavoz a D. José Danilo Requeijo Castro e portavoz suplente D^a. Rosario Celia Rey López.

Grupo político municipal Bloque Nacionalista Galego formado polos concelleiros D. Manuel Requeijo Armejo, D^a. Belén Chao Ramil e D. Carlos Carballés Penabad, designando como portavoz a D. Manuel Requeijo Armejo, primeiro suplente D^a. Belén Chao Ramil e segundo suplente D. Carlos Carballés Penabad.

Grupo político municipal Mixto, integrado polo concelleiro do PSdG-PSOE D. Mario Rouco Rey, quen actuará así mesmo como portavoz.



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

Finalmente o Sr.Alcalde da conta da toma de posesión como Secretario-Interventor deste concello en acumulación de D. Antonio López Vila, así como, que toda a documentación para as sesións do pleno da Corporación está a disposición dos concelleiros desde a convocatoria.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte horas e trinta e cinco minutos, da cal levanto a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,